

# Por unha Europa que defenda aos animais!

A Unión Europea configúrase na teoría como un espazo interestatal de cooperación e axuda mutua. Este conglomerado de Estados asumiron co Tratado de Lisboa un artigo, que por primeira vez na Historia desta colectividade, no Título II no que se inclúe o respecto as esixencias en materia de benestar dos animais, como seres sensibles, na formulación e aplicación das políticas comunitarias en diversos eidos.

Está claro que este apartado significa un importante avance moral no que respecta á defensa dos seres vivos e da Biodiversidade en xeral, pero que na práctica desgraciadamente supón unha contradición permanente coa, precisamente, permisividade con certas actividades que ademais gozan de subsidios europeos e dun implícito aval da UE.

A necesidade deste Manifesto para as candidaturas galegas e para as formacións e coalicións das que formen parte entidades ou partidos políticos que traballen no territorio é primordial por canto entendemos que a Unión Europea e o órgano de representatividade cidadá, o Parlamento Europeo, teñen que representar, defender e impulsar iniciativas do movemento a prol da defensa dos dereitos dos animais e do seu necesario respecto, así como unha constante labor de denuncia dos casos que se suceden e dos que tristemente demos conta na última lexislatura comunitaria.

As organizacións que promovemos este texto, a Asociación Animalista Libera, a Fondation Franz Weber e a plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas levamos xa varios anos experimentando e traballando no eido sociopolítico para tratar de incidir e de marcar unha axenda máis preocupada polo benestar e protección animal, con experiencias moi satisfactorias nos eidos municipais e autonómicos, impulsando espazos de cooperación entre formacións e que amosan que esta problemática é transversal e precisa do apoio de todas e de todos.

## TOURADAS

A Unión Europea subsidia con máis de 130.000.000€ ao entramado taurino cada ano, se contamos cos fondos a través da Política Agraria Común que perciben os gandeiros de touros de lidia, os verdadeiros fornecedores dun negocio baseado no maltrato e na violencia, que vampirizan uns orzamentos que equivalen a todas as axudas que pode percibir o agro galego en 365 días.

Sen embargo o uso de fondos comunitarios non remata na PAC, senón que se expande cara outros fondos de cooperación rexional, de desenvolvemento e case de todo tipo, que rematan



financiando rehabilitacións de prazas de touros, fornecendo “axudas para o emprego” en empresas promotoras de festexos taurinos e mesmo financiando as fundacións de toureiros.

- *Debemos que suprimir calqueira axuda comunitaria, directa ou indirecta, a espazos relacionados coa tauromaquia e o seu entramado.*
- *Debemos exercer unha labor de denuncia constante e contundente contra o expolio dos recursos da Unión Europea en beneficio do entramado taurino.*

## **CIRCOS CON ANIMAIS**

O uso de todo tipo de especies animais, nomeadamente silvestres en cativeiro, é unha constante en algúns países membro, como o caso de España e Portugal. Algunhas comunidades e rexións comunitarias xa teñen advertido dos efectos negativos para a fauna que supoñen os espectáculos itinerantes que se lucran da explotación animal como fórmula de ocio.

O vacío normativo existente no eido estatal e tamén no europeo facilitan o funcionamento dos circos que empregan animais. Esta tipoloxía de espectáculo non só non é necesaria, nin obrigada, senón que traballos sen animais xa teñen amosado o seu prestixio internacional. Hai casos moi senlleiros, como o Cirque du Soleil, pero tamén outras propostas no eido galego que amosan un grande potencial e o triunfo da tecnoloxía combinada co esforzo humano, creando espectáculos de grandeza visual indiscutible.

- *Debemos impulsar unha directiva comunitaria que impida todo uso de animais en espectáculos itinerantes ou como reclamo de actividades de ocio.*

## **CIENCIA LIBRE DE SUFRIMENTO ANIMAL**

O avance científico ten que partir dunha necesaria redución do uso de seres vivos en toda clase de experimentos. Na Unión Europea este paso está a ser paralizado de xeito sistemático pola falta de consignación orzamentaria para as institucións comunitarias que lideran esta investigación en métodos alternativos.

A recente presentación dunha Iniciativa Europea avalada por máis dun millón de sinaturas de cidadáns dos diferentes países membro revela a incipiente conciencia social ao redor dun uso nulo de animais en experimentación.

- *Temos que impulsar a investigación de métodos alternativos á experimentación con animais e apostar pola Excelencia Científica que suprima o uso de seres vivos.*

## **ANIMAIS DOMÉSTICOS**

Cada vez máis familias europeas comparten fogar con animais domésticos, e a Unión Europea non pode ser allea a unha parte intrínseca de moitos fogares e a unha serie de necesidades que afectan ao benestar, protección e defensa dos animais domésticos, como a carencia dunha postura unificada ao respecto e a proliferación do comercio ilícito. Son ben coñecidas



grazas aos medios de comunicación as historias de transporte ilegal de animais domésticos entre determinados Estados, e da necesidade de unificar criterios e accións.

A falta de cooperación con entidades protectoras de animais, as denuncias de maltrato e crueldade que proveñen de cada vez máis cidadáns dos Estados membro e a falta dunha actuación contundente propician a pervivencia do maltrato e de lacras como o abandono nas nosas Sociedades.

- *É precisa unha Estratexia Europea ao redor do benestar e protección dos animais domésticos, cunha postura contundente contra o comercio ilícito.*

## **ZOOS E ACUARIOS**

En 1999 a UE promovía a primeira directiva que avaliaría a situación de parques zoolóxicos e acuarios, establecendo conductas, necesidades e obrigas destas instalacións, que tivo a súa aplicación inicial en España cunha lexislación que ata varios anos despois non se puido considerar realmente efectiva.

Pasou por tanto un período considerable en materia de benestar animal, un eido no que se producen avances e mudanzas de opinión cada unha maior protección e acción dos poderes públicos. É preciso seguir na liña marcada pola normativa comunitaria e apoiara conservación da fauna silvestre nos propios hábitats naturais, non fomentando a captura, o exercicio do “trofeo vivo” que fan algúns parques. Organizacións non gubernamentais xa amosan unha postura de empoderamento a prol dos países con menor capacidade económica para manter espazos protexidos naturais, e a UE non pode permanecer á marxe disto.

A conservación da fauna non implica gaiolas máis amplas, senón programas e compromiso contra a caza furtiva e o expolio de parques zoolóxicos e acuarios.

- *Hai que reformular e reforzar a normativa comunitaria sobre establecementos zoolóxicos e acuarios, incidindo na reconversión e creación de instalacións de recuperación de fauna silvestre.*